

**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/05/2021 11:33:11

SAIDA

8307/21

Reclamante: [REDACTED]  
Expediente. Nº RSCTG 40/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vistas ás reclamacións presentadas por [REDACTED] mediante escrito do 16 de abril de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de maio de 2021, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 16 de abril de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Sanxenxo, ao proxecto de obras de remodelación do Parque da Panadeira executadas entre xaneiro e marzo de 2019, o título habilitante municipal para a súa realización, orzamento das obras e Informes técnico e xurídico, acordo do órgano de Goberno Municipal competente de adjudicación das obras a contratista externo ou ben, de execución das mesmas con medios propios, publicacións e notificacións realizadas e estudo de detalle ou documento urbanístico en virtude do cal se modificou a rasante existente no edificio [REDACTED] no lateral lindeiro co a rúa Constitución.

O interesado presenta a reclamación ao non ter obtido resposta á súa petición.

Os escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, e do DNI do reclamante .

**Segundo.** Con data 19 de abril de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Sanxenxo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A solicitude foi recibida polo Concello con data do 21 de abril de 2021.

**Terceiro.** Con data do 6 de maio de 2021 o Concello de Sanxenxo contesta á petición remitindo o informe solicitado.

No informe faise constar que con data do 28 de abril de 2021, remitiuse ao interesado, xunto cun oficio da alcaldía, o informe técnico e informe xurídico de viabilidade urbanística do proxecto de remodelación do Parque Municipal de A Panadeira, Resolución dictada pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de autorización para a realización de obras na zona de servidume de protección e tránsito do dominio público marítimo-terrestre no dito Parque, autorización do Servizo Provincial de Costas para a execución das referidas obras.

No oficio de remisión da documentación anteriormente indicada, infórmase ao solicitante que o proxecto de obras de Humanización del Parque de A Panadeira, forma parte do expediente nº 22/2018 de contratación das obras de referencia, que esta publicado no Perfil del Contratante na Plataforma de Contratación del Sector Público, no que figura o proxecto técnico das obras, orzamento das obras, acordo adoptado pola alcaldía, a adxudicación publicada na Plataforma e a súa formalización, así como os actos públicos de apertura de ofertas.

A día de hoxe non consta acuse de recepción do solicitado dá notificación efectuada en data 28/04/2021.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **Primeiro. Competencia e normativa**

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 20 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder

públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

De acordo coa información que figura no expediente, o Concello de Sanxenxo resolveu con data do 28 de abril de 2021, é dicir, con data posterior á que a o interesado presentase a súa reclamación ante a Comisión da Transparencia por falla de contestación, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado solicitou do Concello de Sanxenxo o acceso á documentación correspondente ao proxecto de obras de remodelación dun parque municipal, que debemos entender que é información pública de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 19/2013 e 24 da Lei 1/2016, por canto se trata de documentos adquiridos ou elaborados polo Concello no exercicio das súas funcións.

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública, tendo dereito o solicitante, a recibir da Administración a orientación e asesoramento necesario para o exercicio deste dereito, tal e como establece o artigo 26 da Lei 1/2016.

O Concello de Sanxenxo remitiu ao interesado a os informes técnicos e xurídicos de viabilidade urbanística do proxecto solicitados e as resolucións e autorizacións que constan no expediente para a realización de obras na zona de servidume de protección e tránsito do dominio público marítimo-terrestre. Así mesmo, informou ao solicitante que o proxecto de obras e o seu orzamento, esta publicado no Perfil del Contratante na Plataforma de Contratación del Sector Público.

De acordo co anterior, ao considerar que o Concello, aínda que fóra do prazo establecido na normativa de Transparencia, resolveu adecuadamente a solicitude de acceso á información, procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único:** Estimar, por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Sanxenxo, ao proxecto de obras de remodelación do Parque da Panadeira.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 262/120208, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:  
S6500009C)

Fecha: 2021.05.27 10:31:41 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**